



EXPEDIENTE: 1145-611

TIPO EXPTE: CONTRATO MAIOR SUBMINISTROS

SOLICITANTE: Servizo Municipal Dos Deportes

PREGO PRESCRICIONS TECNICAS: SUBMINISTRO DE GASOLEO TIPO "C" PARA AS INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN E PRODUCCIÓN DE AUGA QUENTE (AQS) DE DIVERSAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES.**1.- OBXECTO**

O presente prego de prescricións técnicas ten por obxecto a definición das características técnicas que deberá regular o desenvolvemento do subministro de gasóleo tipo "C" para as instalacións de calefacción e produción AQS de diversas instalacións deportivas dependentes da Concellería de deportes.

1.1.- Tipo de carburante e normativa legal.

Tendo en conta as necesidades actuais de subministro de gasóleo "C", a previsión dos consumos por instalación e a seguinte litros/ ano.

O produto a subministrar axustarase en todo momento as especificacións técnicas das gasolinas , gasóleos, fuelóleos e gases licuados o petróleo e se regula o uso de determinados biocarburantes previstas no Real Decreto 61/2006, de 31 de xaneiro modificado polo Real Decreto 1088/2010, de 3 de setembro e demais especificacións legais vixentes, así como toda a normativa que regule estes subministros na que se fixen especificacións de combustible en concordancia coas da Unión Europea.

INSTALACIÓN	PREVISIÓN CONSUMO LITROS/ANO GASOLEO "C".
Instalacións Balaídos	18.500
Complexo travesas	31.250
Complexo de Samil	12.300
Pavillón Teís	3.400
Pavillón Bouzas	4.300
Pavillón Bembrive	2.000
Pavillón Castrelos	2.200
Pavillón Carballal	2.200
total litros	76.150



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 12/07/2017 11:21

Páxina 1 de 4

Expediente 1145/611

Código de verificación: 24EB4-844BC-BBC28-DC4BD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

2.- ASPECTOS XERAIS DO SUBMINISTRO.

a.- Para garantir o control xeral do subministro do gasóleo "C" nas instalacións vencelladas a este contrato, cada unha dispón dun depósito independente, polo cal o adxudicatario deberá dispor dos medios necesarios para adecuar o subministro as capacidades específicas de cada instalación.

CAPACIDAD DEPÓSITOS DE COMBUSTIBLES	
INSTALACIÓNS	Capacidade (l.)
Balaídos Complexo deportivo	2.000
Balaídos Estadio Atletismo	1.500
Complexo travesas	7.000
Complexo Samil	3.000
Pavillón Teis	1.200
Pavillón Bouzas	1.500
Pavillón Bembrive	1.000
Pavillón Castrelos	1.000
Pavillón Carballal	1.000

b.- A empresa adxudicataria deberá subministrar os combustibles dentro das seguintes franxas horarias : de 09.00 a 13.00 horas na xornada de mañá, e/ou de 16.00 a 20.00 horas en xornada de tarde, sempre en días laborais.

c.- A empresa adxudicataria axustarase en todo momento ao disposto pola lexislación vixente en todo o referente a normas de protección e/ou seguridade esixibles en relación coa subministración do produto.

d.- Os transportes realizaranse en vehículos homologados e autorizados para este tipo de subministro e deberán incorporar un contador volumétrico debidamente timbrado e verificado, para o cal deberá contar cos correspondentes certificados das verificacións, que en calquera momento poderán ser esixidas por parte do persoal responsable do control dos subministro por parte do Da Concellería de deportes.

e.- Serán por conta do adxudicatario todos os gastos orixinados polo transporte do combustible e a súa descarga, así como as medidas de seguridade que deban tomarse ao realizar o subministro de acordo coa lexislación vixente de aplicación.

f.- O obxecto do subministro atópase relacionado cos servizos de calefacción e AQS para as instalacións deportivas dependentes da Concellería de deportes que se relacionan:



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 12/07/2017 11:21

Páxina 2 de 4

Expediente 1145/611

Código de verificación: 24EB4-844BC-BBC28-DC4BD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



INSTALACIÓN	DIRECCIÓN
1.- Complexo deportivo das Travesas.	Rúa/Carmen s/n
2.- Complexo deportivo de Samil.	Av/Samil s/n
3.- Pavillón de Teis.	Av/Galicia,105
4.- Instalacións Balaídos (Grada de Río-Balaídos e Pista de atletismo).	Av/ Citroen s/n
5.- Pavillón de Bembrive.	C/ Capela s/n
6.- Pavillón de Castrelos	Monte da mina, s/n
7.- Pavillón de Carballal.	Loureiro s/n
8.- Pavillón de Bouzas.	Eduardo Cabello s/n

3.- PERIODICIDADE E TIPOS DE SUBMINISTROS:

a.- A periodicidade dos subministros nos depósitos das diversas instalacións dependentes da Concellería de deportes e contempladas no obxecto deste contrato será a axeitada en razón ás necesidades dos mesmos, establecéndose, un prazo máximo de vinte e catro horas (24 horas) entre a data de pedido, e a data de entrega dos combustibles.

b.- A entrega do produto será recepcionado polo persoal adscrito a cada instalación, baixo a coordinación do encargado das instalacións deportivas, en todo caso será obrigado comprobar en cada entrega, a cantidade de produto que se especificará no correspondente albarán, o cal será asinado obrigatoriamente por este persoal. A empresa subministradora enviará copia do pedido e factura por correo electrónico a dirección que se estableza.

c.- A subministración do combustible dará lugar a un albarán de entrega no que deberá constar:

- Nome e dirección do centro receptor.
- Produto que se subministra.
- Cantidade de produto subministrado.
- Marca e Matrícula do vehículo que subministra.
- Data e hora de entrega
- Número de albarán
- Nome, apelidos e firma do persoal responsable da entrega.
- Nome, apelidos e firma do persoal responsable da recepción.
- Espazo para a explicación se procede dos procesos de comprobación do subministro realizado.
- Espazos para formular a conformidade ou reparos o subministro realizado.

4.- RESPONSABILIDADES ESPECIFICAS DO ADXUDICATARIO:

a.- A empresa adxudicataria deberá responder, fronte da Concellería de deportes, ou fronte a terceiros, de todos aqueles danos ou prexuízos que se puidesen producir por efecto directo da falta de calidade do produto subministrado imputable á mesma, ou aos seus empregados na execución da subministración.

b.- Os traballadores que a empresa adxudicataria designe para que executen a subministración do combustible en cada caso, serán os adecuados para obter o máximo nivel de calidade na



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 12/07/2017 11:21

Páxina 3 de 4

Expediente 1145/611

Código de verificación: 24EB4-844BC-BBC28-DC4BD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



subministración obxecto de contrato e deberá dispor das licenzas, permisos, autorizacións, etc., con arranxo á normativa vixente en cada momento e expedidas por autoridade competente.

c.- Os danos que o persoal do adxudicatario puidese ocasionar, por acción ou omisión, aos bens propiedade do da Concellería de deportes, xa sexa por negligencia ou conduta dolosa, serán indemnizados polo adxudicatario, como responsable directo e inmediato, previa valoración dos mesmos polo persoal dos Servizos Técnicos da Concellería de deportes.

d.- O Adxudicatario deberá cumprir coa normativa medioambiental durante os subministros e asumirá os custes e actuacións que deban executarse por derrames ou outras causas.

e.- Como consecuencia da coordinación das actividades empresariais en materia de Riscos Laborais, a empresa adxudicataria deberá elaborar un Plan de Seguridade, de aplicación os traballos vinculados o obxecto do contrato, o cal deberá ser presentado ante o Responsable do Contrato. Dito plan de Seguridade deberá ser revisado de forma periódica cada ano.

f.- En relación ás necesidades derivadas da execución do Plan de Seguridade a empresa adxudicataria proveera aos seus operarios de uniformes de traballo identificativos, así como cantas ferramentas e elementos de protección individual sexan necesarios para o desenvolvemento dos traballos obrigatorios para a realización dos subministros dos combustibles obxecto deste contrato.

5.- COORDINADOR DO CONTRATO.

A adxudicataria procederá á designación dun coordinador para a execución do contrato. O devandito coordinador será o único interlocutor valido co responsable do contrato, director técnico do servizo de Deportes, a efectos de control e supervisión da execución do mesmo.

6.- SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL:

A empresa adxudicataria deberá presentar con carácter previo ao comezo da execución do contrato copia dunha póliza de seguros de responsabilidade civil por un importe mínimo de 300.000 euros, así como recibo acreditativo de atoparse ao corrente de pago da mesma.

Vigo, a data da sinatura dixital

O director técnico do servizo de deportes

José Ángel Lago Filgueira

